**María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha ASESOR/A XURÍDICO/A do CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) do Concello de Ribeira (Expte. 2024 PSEL000028),**

**CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:00 horas do día 04/12/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "*ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS ÁS PUNTUACIÓNS DA FASE DE CONCURSO. REALIZACIÓN DA ENTREVISTA. CUALIFICACIÓNS TOTAL FINAIS E FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.*"**

(...) O obxecto da constitución do Tribunal Avaliador é, en primeiro lugar, a resolución das reclamacións presentadas por algúns dos/as aspirantes deste proceso selectivo ás puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos e, en segundo lugar, a realización da fase de entrevista persoal.

**En relación ás reclamacións ás puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos, constan presentadas as seguintes reclamacións:**

**1ª.-** Escrito presentado por **Vanesa Castro Ramallal**, con DNI número ***1606**, rexistrado de entrada na data 29/11/2024 co número 2024 00029102 (...).

**2ª.**- Escrito presentado por **Mariana Novo Gómez**, con DNI número ***8975**, rexistrado de entrada na data 29/11/2024 co número 202400029104 (...).

**(...) Estudadas as referidas reclamacións polo Tribunal Avaliador, e revisados os méritos acreditados en tempo e forma polas citadas aspirantes, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:**

***PRIMEIRO.-*** **Desestimar** a reclamación presentada por **Vanesa Castro Ramallal**, polos seguintes motivos (...).

***SEGUNDO.-*** **Estimar parcialmente** a reclamación presentada por **Mariana Novo Gómez**, polos seguintes motivos (...).

***TERCEIRO.-*** Rectificar a puntuación outorgada á aspirante Mariana Novo Gómez no apartado da experiencia profesional, pasando de 0,15 puntos a 5,7 puntos, e ratificar a puntuación de 0 puntos outorgada no apartado de formación, o que fai un total de 5,7 puntos pola fase de concurso de méritos.

***CUARTO.-*** Proceder a notificar a Dª Vanesa Castro Ramallal e a Dª Mariana Novo Gómez ós seus enderezos correspondentes, o acordo motivado do Tribunal en canto á resolución das reclamacións presentadas.



CSV: 07E80016332900M8S4B6N3K1P2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016332900M8S4B6N3K1P2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 16/12/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/12/2024 11:57:46

EXPEDIENTE :: 2024PSEL000028
Fecha: 13/09/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

***QUINTO.-*** Proceder á publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), e, de ser posible, na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal), dos demais acordos adoptados por este Tribunal.

(...) A continuación, procédese á realización da fase da entrevista.

**(...) Á vista do exposto, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:**

***PRIMEIRO.-*** **Outorgar ás aspirantes** definitivamente admitidas e presentadas a este proceso selectivo que a continuación se relaciona **a puntuación que en cada caso se indica pola fase de entrevista persoal:**

| Nº | Apelidos e nome do/a aspirante | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | Castro Ramallal Vanesa | 3 |
| 2 | López Mourelle Sonia | 5 |
| 3 | Novo Gómez Mariana | 1 |
| 4 | Parente Rivera Manuela | 3 |
| 5 | Piñeiro Rodríguez Mª Estrella | Non presentada |
| 6 | Rodríguez Leira Inés | Non presentada |

***SEGUNDO.-*** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e, de ser posible, na súa páxina Web oficial (www.ribeira.gal) o resultado da cualificación da fase da entrevista persoal do xeito que se detalla no cadro anterior.

***TERCEIRO.-*** De conformidade coa Base 11.4 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase da entrevista persoal os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións disponse dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

***CUARTO.-*** Declarar ás aspirantes que superaron a fase da entrevista EXENTAS da realización da proba de coñecemento da lingua galega ó ter acreditado estar en posesión do certificado CELGA 4.

**Rematada a realización das fases deste proceso selectivo, o Tribunal Avaliador procede á CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL determinada pola suma dos puntos obtidos en cada unha das fases en que consistiu este proceso selectivo, dando o resultado seguinte:**

| Orde | Apelidos e nome | Méritos | Entrevista | Proba coñecemento lingua galega | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º | Castro Ramallal Vanesa | 2,6 | 3 | EXENTA | 5,6 |
| 2º | López Mourelle Sonia | 25 | 5 | EXENTA | 30 |



CSV: 07E80016332900M8S4B6N3K1P2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016332900M8S4B6N3K1P2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 16/12/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/12/2024 11:57:46

EXPEDIENTE :: 2024PSEL000028
Fecha: 13/09/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 3º | Novo Gómez Mariana | 5,7 | 1 | EXENTA | 6,7 |
| 4º | Parente Rivera Manuela | 5 | 3 | EXENTA | 5,6 |

Á vista de todo o anteriormente exposto, o Tribunal Avaliador, por unanimidade dos seus membros presentes, e de conformidade coa Base 12ª das que rexen este proceso selectivo, **PROCEDE Á FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO**, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a prelación para a súa contratación:

| Orde | Nome e apelidos | Méritos | Entrevista | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| 1º | Sonia López Mourelle | 25 | 5 | 30 |
| 2º | Manuela Parente Rivera | 5 | 3 | 8 |
| 3º | Mariana Novo Gómez | 5,7 | 1 | 6,7 |
| 4º | Vanesa Castro Ramallal | 2,6 | 3 | 5,6 |

De conformidade coa Base 12ª das que rexen este proceso selectivo, a bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

*E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.*



CSV: 07E80016332900M8S4B6N3K1P2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016332900M8S4B6N3K1P2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 16/12/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/12/2024 11:57:46

EXPEDIENTE :: 2024PSEL000028
Fecha: 13/09/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL